



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2024/9

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
XOVES, 8 DE AGOSTO DE 2024**

No día de hoxe, ás **20:32 horas**, baixo a presidencia da Alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión extraordinaria**, do Pleno da Corporación.

ASISTEN:

PP

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS
ESTEBAN ARES GARCÍA
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL
MARIEL AGRAFOJO NIETO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE

JUAN JOSÉ PREGO CES
IRIA INSUA GONZÁLEZ
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

GRUPO MIXTO (BNG)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

ANA MARÍA DOMÍNGUEZ LAÍÑO (PSdG-PSOE)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

En primeiro lugar a Alcaldesa dálle á palabra á Secretaria-Interventora que quere facer unha aclaración.

A Secretaria-Interventora sinala que o obxecto da súa intervención era facer unha corrección a unha información que deu no anterior pleno ordinario do día 26/07/2024. Nese pleno, no punto de mocións por





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

razón de urxencia, o voceiro do Grupo Mixto presentou unha moción de xeito oral. Logo do tratamento desa moción a Secretaria-Interventora solicitoulle que presentase as mocións de xeito escrito, como ordenaba o noso Regulamento Orgánico Municipal. Pero confundíuse, equivocouse. O Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Lousame permite que as mocións urxentes, precisamente por esa razón de urxencia, se poidan presentar tanto de xeito escrito como de xeito oral. O que se ten que presentar de xeito escrito, de modo obrigatorio, son as emendas. De aí veu a súa confusión. A emenda é unha solicitude de cambio xa sexa dun ditame (asunto incluído na Orde do Día do Pleno que foi ditaminado pola Comisión Informativa) ou sexa unha proposta (asunto incluído na Orde do Día do Pleno que non foi ditaminado pola Comisión Informativa). Como esa información equivocada foi dada no seo dunha sesión plenaria, de maneira pública, tamén cre que a corrección ten que facerse do mesmo xeito, de maneira pública e no seo dunha sesión plenaria. Quere pedirle desculpas ao voceiro do Grupo Mixto e tamén ao resto dos membros da Corporación por dar unha información que non era correcta. Quere que se corrixa e quede claro o máis axiña posible para non sentar un precedente errado de cara o futuro. Dálle as grazas a todos.

A Alcaldesa sinala que pola parte que a ela lle compete, quere dar as grazas pola aclaración. Erros temos todo o mundo. Pero o que honra á secretaria é a desculpa.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

Parte resolutiva:

- 1 Ratificación, se procede, da inclusión dos asuntos na Orde do Día.
- 2 Aprobación, se procede, da solicitude POS+ Adicional 2/2024
- 3 Aprobación, se procede, dos festivos locais para o ano 2025

1) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA.

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, é a seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA.

O artigo 82.3 do ROF sinala que o Alcalde, por razóns de urxencia, debidamente motivada, poderá incluír na Orde do Día asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa; pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre eses asuntos, sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

As razóns que motivan a urxencia son as seguintes:

- **Aprobación do POS+ Adicional 2/2024.** A solicitude aprobada polo Pleno Corporativo ten que ser enviada á Deputación provincial como data límite o día 13/09/2024; polo tanto non é posible esperar ao Pleno ordinario do mes de setembro para adoptar este acordo.
- **Fixación dos festivos locais para o ano 2025.** A día de hoxe non chegou a solicitude de fixación dos festivos locais para o ano 2025 por parte da Consellería de Emprego. Pero adoita chegar ao longo do mes de agosto de cada ano, para ser remitida antes de finalizar o mes de setembro. Así, é probable que non se poida esperar ao Pleno ordinario do mes de setembro para adoptar este acordo.

Por outra banda, no período que abrangue do 9 de agosto ao 13 de setembro, coincide o desfrute de vacacións de varios membros corporativos e empregados municipais.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Así, unha vez ultimados os expedientes administrativos, considérase axeitado sometelos a coñecemento do Pleno Corporativo antes desa data. Celebrar unha comisión informativa con carácter previo ao Pleno impediría respectar os dous días hábiles de antelación entre as convocatorias e a celebración dos dous órganos colexiados (Comisión Informativa e Pleno).

Por todas as razóns expostas, é polo que esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que ratifique a inclusión na Orde do Día da **sesión extraordinaria** convocada para o **xoves, día 8 de agosto de 2024, ás 20:30 horas**, os seguintes asuntos:

- Aprobación, se procede, da solicitude POS+ Adicional 2/2024
- Aprobación, se procede, dos festivos locais para o ano 2025

Documento asinado dixitalmente

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldía abre a quenda de intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto di que o seu voto vai ser en contra, obviamente. A fixación dos festivos locais foi presentada como moción polo seu grupo no pleno ordinario do mes pasado. O que agora se argumenta para celebrar o pleno extraordinario, foi o mesmo que argumentou no anterior pleno para aprobar este asunto por urxencia. Dende o día 24/07/2024 xa se sabe cales son os festivos autonómicos. Estes dous puntos podían ser tratados perfectamente no pleno ordinario. Esta convocatoria foi enviada o día 1 de agosto. Tres días hábiles despois de que tivéramos o pleno ordinario do día 26/07/2024.

A Alcaldesa non quere entrar en polémica... Pero o voceiro do Grupo Mixto terqueou e terqueou en aquel pleno que xa se remitira por parte da Consellería....

O voceiro do Grupo Mixto di que iso non é certo.

A Alcaldesa di que vale, que non é certo.

D. Juan José Prego Ces, como voceiro suplente do GPM do PSdG-PSOE, anuncia que o seu grupo vaise abster porque considera que estes dous puntos da Orde do Día podían ser tratados no anterior pleno ordinario. Aínda que non chegara a solicitude por parte da Xunta para aprobar os festivos locais, o Concello podería ter aprobado xa eses festivos locais.

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), tres (3) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE) e un (1) voto en contra (emitido polo voceiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: "Ratificar a inclusión na Orde do Día da **sesión extraordinaria** convocada para o **xoves, día 8 de agosto de 2024, ás 20:30 horas**, dos seguintes asuntos:

- Aprobación, se procede, da solicitude POS+ Adicional 2/2024
- Aprobación, se procede, dos festivos locais para o ano 2025

2) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO POS+ ADICIONAL 2/2024





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, é a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO:
APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 2/2024 PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES E GASTO CORRENTE
POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN.**

<<O Pleno do Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, á vista da Circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 2/2024 para investimentos financeiramente sostibles e gasto corrente por maior achega da Deputación da Coruña,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ADICIONAL 2/2024**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	180.661,95

De acordo co esixido na base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2024 dos gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos dous servizos que se detallan:

(Só cubrir os datos de **dous servizos** aos que o concello aplique o financiamento con cargo ao Plan, salvo a excepción prevista no parágrafo 3 da base 2.1, que deberá xustificarse ao final deste documento)

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2024 (Que se devenguen durante o exercicio 2024)	(B) ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(C)= A-B ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliaria de lixo	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2024 (Que se devenguen durante o exercicio 2024)	(B) ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(C)= A-B ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)
-------------------------------	----------	--	--	---





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes	80.000,00	0	80.000,00
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL	80.000,00	0	80.000,00
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes	100.661,95	0	100.661,95
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL	100.661,95	0	100.661,95
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L		180.661,95	0,00	180.661,95

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024</u> (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa	Total concello	



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

			deducible nos abastecem. de auga potable)		
MEJORA DE INSTALACIÓN DOTACIONAL DEPORTIVA EN EL SANGUIÑAL, Y CAMINO EN SOUTORREDONDO, EN LAS PARROQUIAS DE TÁLLARA Y LESENDE	59.939,42	0	0	0	59.939,42
TOTAL	59.939,42	0	0	0	59.939,42

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	180.661,95				180.661,95
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	59.939,42	0	0	0	59.939,42
TOTAL	240.601,37				240.601,37

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa,

M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE ten unha pregunta sobre a empresa adjudicataria, Benigno Rodríguez Caamaño. Alguén se informou se ten infraestruturas ou maquinaria para facer esta obra?

A Alcaldesa di que non sabe de que está a falar. A ela non lle consta como traballador do Concello.

O voceiro do PSdG-PSOE di que como traballador non, como empresa.

A Alcaldesa di que o Concello cando licita unhas obras comproba a solvencia técnica das empresas que se presentan. Ela non ten constancia do que está dicindo o voceiro do PSdG-PSOE. Ademais, que ela non participa nas mesas de contratación.

A secretaria-interventora intervén para dicir que cre que hai un erro na información que da o Sr. Prego Ces. Porque a execución desa obra é algo que se vai solicitar agora á Deputación para ser incluída no POS+ Adicional.

O voceiro do PSdG-PSOE di que hai un documento dun arquitecto. E logo hai un documento dunha enxeñería. E entendeu que é quen vai facer a obra.

A Alcaldesa di que non. Esa documentación é previa á obra. Esa obra aínda vaise pedir agora. Non está concedida, nin licitada.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que o orzamento desta obra é moi baixo.

A Alcaldesa contesta que se trata do primeiro tramo desa obra. Ela pide proxectos, pide que se revisen para que non haxa problemas cos prezos, e é o que informan os técnicos.

O voceiro do PSdG-PSOE non ve problema no incremento. Ve problema na calidade do traballo desa xente que vai asfaltar por ese prezo.

A Alcaldesa responde que o asfaltado é un tramo moi pequeno. E logo hai que continuar. De momento vaise bachear, porque o asfaltado completo será incluído noutro plan máis adiante. Todos os buratos que queden a partir dese punto, vanse bachear. Iso entraría en gasto corrente en bacheos. Que o fará a empresa que estea interesada e disposta a vir, que non hai moitas. Non é doado. Leva dende o mes de maio e xuño loitando coas empresas e dinlle que non poden vir, que non teñen traballadores, que están en obras grandes... Só houbo un que accedeu a vir. E agora cre que hai outro de Lousame que tamén vai querer vir. Non está sendo fácil buscar xente, nin para particulares, nin para Administracións.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros/as presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 2/2024 PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES E GASTO CORRENTE POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

<<O Pleno do Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, á vista da Circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 2/2024 para investimentos financeiramente sostibles e gasto corrente por maior achega da Deputación da Coruña,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ADICIONAL 2/2024**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	180.661,95

De acordo co esixido na base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2024 dos gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos dous servizos que se detallan:

(Só cubrir os datos de **dous servizos** aos que o concello aplique o financiamento con cargo ao Plan, salvo a excepción prevista no parágrafo 3 da base 2.1, que deberá xustificarse ao final deste documento)

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2024 (Que se devenguen durante o exercicio 2024)	(B) ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(C)= A-B ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	- Bens e servizos correntes			
	- Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	- Bens e servizos correntes			
	- Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal directamente adscrito			
	- Bens e servizos correntes			
	- Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliar de lixo	- Persoal directamente adscrito			
	- Bens e servizos correntes			
	- Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2024 (Que se devenguen durante o exercicio 2024)	(B) ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(C)= A-B ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes	80.000,00	0	80.000,00
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL	80.000,00	0	80.000,00
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes	100.661,95	0	100.661,95
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL	100.661,95	0	100.661,95
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L		180.661,95	0,00	180.661,95

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente	Financiamento dos investimentos
-------------------------------	---------------------------------



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
MEJORA DE INSTALACIÓN DOTACIONAL DEPORTIVA EN EL SANGUIÑAL, Y CAMINO EN SOUTORREDONDO, EN LAS PARROQUIAS DE TÁLLARA Y LESENDE	59.939,42	0	0	0	59.939,42
TOTAL	59.939,42	0	0	0	59.939,42

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	180.661,95				180.661,95
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	59.939,42	0	0	0	59.939,42
TOTAL	240.601,37				240.601,37

SEGUNDO.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

CUARTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2025

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, é a seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2025

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, e ante a necesidade de fixar os dous días do ano 2025 que terán carácter de festa local por tradición propia, **ACORDA:**

Primeiro: Establecer como días festivos locais para o 2025 os seguintes:

- Venres, día 25 de abril, San Marcos.
- Venres, día 3 de outubro, San Roquiño

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración”

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa arrinca a quenda de intervencións, mirando como quedaba o calendario no ano 2025. No anterior pleno non o tiña mirado, e ela sen mirar, non inclúe nin aproba nada. San Lourenzo coincide en domingo. Fruíme, tamén. Queda o venres de San Roquiño, e o día de San Marcos. Que tradicionalmente ven sendo festivo en Lousame.

O voceiro do PSDG-PSOE di que a súa opinión é a mesma que dos anos pasados. Se o día de San Marcos coincidise en fin de semana, teríamos 2 festivos na parroquia de Tállara. Fruime e San Lourenzo.

A Alcaldesa di que San Lourenzo vai ser inamovible.

O voceiro do PSDG-PSOE di que el nunca viu que houbera festivos noutra parroquia que non fora de Tállara.

A Alcaldesa propón para o ano, cambiar San Roquiño por outra festa que cadre na parroquia que lle pareza ben ao GPM do PSDG-PSOE; pero que non sexa domingo como pasa sempre en Ces.

O voceiro do PSDG-PSOE di que tamén se pode poñer festivo o luns.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa di que tamén hai tres días en Fruime... Pero tomará nota do plantexamento que fai o voceiro do PSdG-PSOE.

O voceiro do Grupo Mixto di que se vai abster. Cre que os festivos locais deben rotarse por todas as parroquias. Todos os habitantes son merecedores de ter un día festivo para eles. Para a Alcaldesa o día de San Lourenzo é inamovible, e xa o dixo varias veces. Pero si se podería ir rotando o outro día. O día de San Roquiño podería ir rotando, e ir metendo a Festa da Gorgosa... Por outra banda, o día de San Marcos, antes si que tiña razón de ser. Pero neste intre, non. Xa non é festivo en ningún Concello limítrofe, as escolas xa non collen libre ese día...

A Alcaldesa di que collen libre o anterior e o seguinte a ese día.

O voceiro do Grupo Mixto di que non. Que as escolas levan anos sen coller festivo o día de San Marcos. É un festivo local perdido. Quere recordar cando unha persoa das filas do Partido Popular...

A Alcaldesa dille ao voceiro do Grupo Mixto que propoña un cambio. Se non queremos San Marcos, cal collemos?

O voceiro do Grupo Mixto contesta que xa acaba de facer unha proposta: ir rotando os festivos por cada unha das parroquias.

A Alcaldesa pídelles que concrete para o ano 2025.

O voceiro do Grupo Mixto non sabe agora como cadra San Xoán.

A Alcaldesa indícalles que xa o tiña mirado no pleno do mes pasado...

O voceiro do Grupo Mixto di que a xente celebra igual os festivos da súa parroquia, exista ou non orquestra. Porque ese día a xente xúntase na súa casa para comer cos seus familiares. Parécelles o máis razoable, que un día dos festivos se rote cada ano entre as diferentes parroquias.

O voceiro do PSdG-PSOE quere deixar claro que eles están de acordo que os festivos locais se fagan en San Marcos e en San Lourenzo. Son días tradicionais para Lousame que non se debían perder. Pero se eses días cadran nunha fin de semana... debíase de mover, e non ser sempre San Roquiño.

A Alcaldesa di que este ano vai manter a proposta inicial: San Marcos e San Roquiño. Para o vindeiro ano, 2026, estudarán e debaterán as alternativas.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), catro (4) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo, e ante a necesidade de fixar os dous días do ano 2025 que terán carácter de festa local por tradición propia, **ACORDA:**

Primeiro: Establecer como días festivos locais para o 2025 os seguintes:

- Venres, día 25 de abril, San Marcos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

– Venres, día 3 de outubro, San Roquiño

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración”

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte horas e corenta e nove minutos (20:49 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais

A Secretaria, Paula Ares Otero

